



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO NÚM. 11 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 10 DE NOVEMBRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asisten pero xustifica a súa ausencia, D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita), D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito) e D^a María Lago Lestón (BNG).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as catorce horas, do día de referencia, reúnen en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO. Ratificación da urxencia

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, di que a urxencia vén motivada pola publicación no mes de outubro do incremento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público dun 1,5 % adicional respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2021, aprobado no artigo 23 do Real Decreto Lei 18/2022, de 18 de outubro.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Non habendo intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4) e da concelleira non adscrita, D^a Sambade Lloréns (1) e da concelleira do grupo do BNG, D^a Martínez Romaní (1), queda aproba a urxencia.

SEGUNDO. Proposta de modificación de créditos para incorporar remanente de Tesouraría destinado a financiar o incremento retributivo do artigo 23.4 do RDL 18/2022 do 18 de outubro.

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén motivada por este incremento e que é do seguinte literal:

“Considerando que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

Considerando que con data do 04.11.2022 emitíuse Memoria da Alcaldesa na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento das operacións e a súa xustificación.

Considerando que con data do 04.11.2022 emitíuse informe conxunto da Secretaría e Tesouraría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que con data do 04.11.2022 emitíuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía e, con data do 04.11.2022 elaborouse Informe de Intervención sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria.

Considerando o disposto nos artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando o disposto no artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vistos os documentos que conforma o expediente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos:

Aplicación		Descrición	Área	Suplemento de crédito
Progr.	Económica			
323	13000	Retribucións básicas	(1,5%) Art.23.4 RDL 18/2022	58.207,56 €
136	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Grupo Emerxencias	89.186,59 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

			Supramunicipal 2022-3-GES-1	
150	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Urbanismo	26.561,89 €
231	13100	Asistencia social Primaria	Sentenzas. Servizos sociais	6.137,20 €
323	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Colexios	408,97 €
342	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Piscina	3.248,54 €
450	13100	Admón. Xeral de infraestruturas	Sentenzas. Iluminación pública	936,83 €
132	22103	Seguridade e orde público	Combustible	1.189,08 €
136	22103	SV. prevención incend.	Combustible	3.157,51 €
170	22103	Combustible e carburantes	Combustible	624,13 €
231	22103	Combustibles e carburantes	Combustible	1.238,97 €
312	22103	Centros de saúde	Combustible	1.155,00 €
342	22103	Instalacións deportivas	Combustible	13.119,08 €
450	22103	Admón. Xeral. Infraestruturas	Combustible	6.884,74 €
1720	22103	Combustible e carburantes	Combustible	790,71 €
160	22100	Sumidoiros. Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	28.130,12 €
165	22100	Iluminación pública. enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	79.876,42 €
231	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	61,29 €
323	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	4.420,76 €
330	22100	Admón. Xeral. Cultura. enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	567,88 €
334	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	3.107,96 €
342	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	13.758,75 €
450	22100	Admón. Xeral. Infraestruturas	Enerxía eléctrica	1.330,58 €
920	22100	Admón. Xeral. enerxía Eléctrica	Enerxía eléctrica	3.156,58 €
4312	2100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	1.260,29 €
TOTAL				348.517,44 €

Esta modificación financiaríase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Concepto de Ingresos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
			Remanente de Tesouraría	348.517,44 €



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

			TOTAL INGRESOS	348.517,44 €

SEGUNDO. A presente modificación de créditos apróbase polo procedemento previsto no artigo 177.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que este acordo será inmediatamente executivo, no tocante ao incremento das retribucións de persoal derivadas do artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022.

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Ordenar a publicación este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, salvo que as mesmas se refiran ao incremento das retribucións de persoal derivadas do artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, en cuxo caso o prazo para resolvelas será dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo."

A Sra. González di que están moi contentos de que ser traia esta modificación de crédito motivada por este cambio legislativo e na que tamén inclúe o pagamento dos atrasos de persoal que eles levan advertindo durante anos e que moito deste diñeiro son para xuros e costas e sinala que van a votar a favor.

A Sra. Martínez di que unha parte do gasto que vai nesta modificación se solucionaría presentando uns orzamentos e sinala que non van votar en contra pero que non lle parece a forma máis acaída.

A Sra. Sambade indica que está totalmente de acordo con esta modificación e non vai votar en contra.

A señora alcaldesa di que o grande incremento dos prezo non era previsible nestes termos e con respecto ao pagamento de sentenzas xudiciais con esta proposta poríanse ao día.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), da concelleira non adscrita, D^a Sambade Lloréns (1) e coa abstención da concelleira do grupo municipal do BNG, D^a Martínez Romaní (1), adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos:

Aplicación	Descrición	Área	Suplemento de crédito



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Progr.	Económica			
323	13000	Retribucións básicas	(1,5%) Art.23.4 RDL 18/2022	58.207,56 €
136	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Grupo Emerxencias Supramunicipal 2022-3-GES-1	89.186,59 €
150	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Urbanismo	26.561,89 €
231	13100	Asistencia social Primaria	Sentenzas. Servizos sociais	6.137,20 €
323	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Colexios	408,97 €
342	13100	Laboral temporal	Sentenzas. Piscina	3.248,54 €
450	13100	Admón. Xeral de infraestruturas	Sentenzas. Iluminación pública	936,83 €
132	22103	Seguridade e orde público	Combustible	1.189,08 €
136	22103	SV. prevención incend.	Combustible	3.157,51 €
170	22103	Combustible e carburantes	Combustible	624,13 €
231	22103	Combustibles e carburantes	Combustible	1.238,97 €
312	22103	Centros de saúde	Combustible	1.155,00 €
342	22103	Instalacións deportivas	Combustible	13.119,08 €
450	22103	Admón. Xeral. Infraestruturas	Combustible	6.884,74 €
1720	22103	Combustible e carburantes	Combustible	790,71 €
160	22100	Sumidoiros. Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	28.130,12 €
165	22100	Iluminación pública. enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	79.876,42 €
231	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	61,29 €
323	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	4.420,76 €
330	22100	Admón. Xeral. Cultura. enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	567,88 €
334	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	3.107,96 €
342	22100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	13.758,75 €
450	22100	Admón. Xeral. Infraestruturas	Enerxía eléctrica	1.330,58 €
920	22100	Admón. Xeral. enerxía Eléctrica	Enerxía eléctrica	3.156,58 €
4312	2100	Enerxía eléctrica	Enerxía eléctrica	1.260,29 €
		TOTAL		348.517,44 €

Esta modificación financiaríase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Concepto de Ingresos:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
			Remanente de Tesouraría	348.517,44 €
			TOTAL INGRESOS	348.517,44 €

SEGUNDO. A presente modificación de créditos apróbase polo procedemento previsto no artigo 177.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que este acordo será inmediatamente executivo, no tocante ao incremento das retribucións de persoal derivadas do artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022.

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Ordenar a publicación este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, salvo que as mesmas se refiran ao incremento das retribucións de persoal derivadas do artigo 23 do Real Decreto-lei 18/2022, en cuxo caso o prazo para resolvelas será dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as catorce e quince minutos, e de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.